


# FIADREIRO

DÍA DAS LETRAS GALEGAS



17 DE MAIO DE 1998

CEIP DE BELUSO

# ÍNDICE

## 1. DÍA DAS LETRAS GALEGAS

## 2. EDUCACIÓN INFANTIL:

- ADIVIÑAS
- ESTEBAN E A GALIÑA
- NOTICIAS ECOLÓXICAS

## 3. LENDAS

## 4. RIDDLES

## 5. CONTOS:

- O HOME INVISIBLE
- O OGRO MALVADO
- UNHA HISTORIA DO NADAL
- OS CATRO AVENTUREIROS
- A PRAIA ENCANTADA
- O PERIGO DO MAR
- A FAMILIA MICHÍN
- A TARTARUGA E A SARDIÑA
- OS GATIÑOS AVENTUREIROS

## 6. DEPORTES





## DÍA DAS LETRAS GALEGAS 17 DE MAIO DE 1998

A Idade Media, desde o século XI ó XIV, é unha época de grande esplendor tanto desde o punto de vista político como económico, social e literario.

Nesta época Galicia acada un gran prestixio dentro e fóra do territorio peninsular. Prodúcese o nacemento dun novo idioma romance: o **galego-portugués**, que identificará os habitantes do noso reino fronte ós restantes reinos peninsulares.

O relaxamento de vida nos palacios reais fai que comece o desenvolvemento de actos lúdico-festivos e culturais nos que se fomenta a actividade poética. Empeza a gañar prestixio o grupo dos trovadores, que escribirán un fermosísimo conxunto de cantigas. Os textos que hoxe coñecemos compúñanse para ser cantados e, polo tanto, escoitados, xa que a maioría da xente non sabía ler nin escribir. Todas estas composicións quedaron recollidas nos grandes **cancioneiros**.

Temos que distinguir entre **xograr, segrel e trovador**.

O **xograr** procedía das clases sociais máis baixas. Cantaba e interpretaba oralmente as cantigas. Aceptaba esmolos que lle daba o público.

O **segrel** tamén procedía das clases sociais máis populares. Pertence a unha categoría intermedia entre o xograr e o trovador.

O **trovador** era o auténtico profesional da composición. Cantor lírico por excelencia. Era o creador das cantigas coas correspondentes melodías. Procedía das clases sociais máis altas. Moitos tiñan un bo xograr ó seu servizo para que lle interpretara as súas composicións.

Hoxe coñecemos o nome de algo máis de 150 autores, repartidos nos tres grupos anteriores, porque quedaron repartidos nos diferentes cancioneros. Outras veces son os propios trovadores os que citan nas súas composicións a outros compañeiros para criticarlle algún vicio ou defecto físico que tiñan.

Os trovadores e xogres galegos máis importantes desta época son: Fernando Esquíu, Paio Gómez Chariño, Airas Nunes, **Xoán de Cangas**, **Mendiño**, **Martín Codax**, Bernal de Bonaval, Pero da Ponte ...

Este ano Galicia dedícalle o **DÍA DAS LETRAS GALEGAS** a **Xoán de Cangas**, **Mendiño** e **Martín Códax**.

As composicións que facían podemos clasificalas en:

- **Cantigas de amigo**
- **Cantigas de amor**
- **Cantigas de escarnio e maldicer.**



As **Cantigas de Amigo** son aquelas nas que unha moza se lamenta pola ausencia do seu namorado, ó que chama **amigo**.

**CANTIGA DE AMIGO**



Miniatura de las Cantigas de Santa Maria, de Alfonso X El Sabio, representando una pareja de músicos.

Ondas do mar de Vigo,  
se vistes meu amigo  
*e, ai Deus, se verrá cedo!*

Ondas do mar levado,  
se vistes meu amado  
*e, ai Deus, se verrá cedo!*

Se vistes meu amigo,  
o por que eu sospiro  
*e, ai Deus, se verrá cedo!*

Se vistes meu amado,  
por que hei gran coidado  
*e, ai Deus, se verrá cedo!*



**Martín Códax**

As **Cantigas de Amor** son aquelas nas que un protagonista masculino se lamenta da falta de atención da súa namorada, a quen chama **senhor**. O home aparece como un escravo suplicante, louco de amor, da súa namorada.

**CANTIGA DE AMOR**

“A dona que eu am’e tenho por senhor  
amostrádemí-a Deus, se vos en prazer for,  
*se non, dádemí a morte.*

A que tenh’eu por lume destes olhos meus  
e por que choran sempr’, amostrádemí-a, Deus,  
*se non, dádemí a morte.*

Essa que vós fezeistes melhor parecer  
de quantas sei, ai Deus!, fazédemí-a veer,  
*se non, dádemí a morte.*

Ai Deus!, que mi-a fezeistes mais ca min amar,  
mostrádemí-a u possa con ela falar,  
*se non, dádemí a morte.*

**Bernal de Bonaval.**





As **Cantigas de Escarnio e Maldicer** teñen como intención última procurar a burla ou o riso entre o auditorio.

### CANTIGA DE ESCARNIO E MALDICER



A ûa velha quis ora trobar  
 quand' en Toledo fiquei desta vez;  
 e veo-me Orraca López rogar  
 e disso-m' assi:- Por Deus, que vos fez,  
 non trobedes a nulha velh' aquí,  
 ca cuidaran que trobedes a min.

Alfonso Eanes de Cotón.

**¿Onde están escritas todas estas cantigas?.** Nos Cancioneiros Medievais que hoxe coñecemos cos seguintes nomes:

#### Poesía profana:


Cancioneiro de Ajuda  
 Cancioneiro da Biblioteca Nacional  
 Cancioneiro da Vaticana  
 Cancioneiro de Berkeley  
 Pergamiño Vindel  
 Tavola Colocciana  
 Lais de Bretanha  
 Fragmento Sharrer.

#### Poesía relixiosa:

2 Códices do Escorial  
 Códice de Toledo  
 Manuscrito da Biblioteca Nacional de Florencia.



Os tres ós que se lle dedica o **DÍA DAS LETRAS GALEGAS** este ano, **Martín Códax, Mendiño e Xoán de Cangas**, son representantes do grupo das **Cantigas de Amigo**.



## XOÁN DE CANGAS

Desenvolveu a súa actividade poética probablemente a finais do século XIII e principios do XIV. Ten tres Cantigas de Amigo, nas que fai referencias xeográficas propias da súa zona, como por exemplo a ermida de San Mamede, situada na parroquia de Beluso (Bueu):



Amigo, se mi gram ben queredes,  
id'a San Mamed'e veer-m'edes:  
*oje non mi mençades, amigo.*

Pois mi aquí ren non podedes dizer,  
id'u ajades comigo lezer:  
*oje non mi mençades, amigo.*

Serei vosqu'en San Mamede do Mar,  
na ermida, se mi-o Deus aguisar:  
*oje non mi mençades, amigo.*



## MENDIÑO

É un xograr galego, do primeiro tercio do século XIII, do que a penas sabemos nada. Só conservamos unha única **Cantiga de Amigo**, coñecida como *marriñas*, que aparece no Cancioneiro da Biblioteca Nacional e no da Vaticana.

Hai unha referencia moi clara á famosa illa de San Simón, situada no medio da ría de Vigo:

Sedia-m'eu na ermida de San Simiön  
e cercaron-mi-as ondas que grandes son.  
*Eu atendend'o meu amigu'! E verrá?*


Estando na ermida, ant'o altar,  
cercaron-mi-as ondas grandes do mar.  
*Eu atendend'o meu amigu'! E verrá?*

E cercaron-mi-as ondas que grandes son:  
non ei (i) barqueiro nen remador.  
*Eu atendend'o meu amigu'! E verrá?*

E cercaron-mi-as ondas do alto mar:  
non ei (i) barqueiro nen sei remar.  
*Eu atendend'o meu amigu'! E verrá?*

Non ei i barqueiro nin remador:  
morrerei (eu), fremosa, no mar maior.  
*Eu atendend'o meu amigu'! E verrá?*

Non ei (i) barqueiro nen sei remar:  
morrerei eu, fremosa, no alto mar.



## MARTÍN CÓDAX

Ten sido incluído na categoría de xograr, malia existir algunha opinión que o considera como segrel. Procede dunha familia humilde, pero adquiriu unha educación esquisita.

Ten sete Cantigas de Amigo, nas que fai continuas referencias a Vigo e ó seu mar, polo que se pode deducir que era un cidadán do sur de Galicia, de mediados do século XIII.

É o poeta medieval galego-portugués máis estudiado e o máis famoso.




Eno sagrado, en Vigo,  
bailava corpo belido:  
*Amor ei!*

En Vigo, no sagrado,  
bailava corpo delgado:  
*Amor ei!*



Bailava corpo belido,  
que nunca ouver' amigo:  
*Amor ei!*

Bailava corpo delgado,  
que nunca ouver'amado:  
*Amor ei!*



Que nunca ouver'amigo,  
ergas no sagrad', en Vigo:  
*Amor ei!*



Que nunca ouver'amado,  
ergas en Vigo, no sagrado:  
*Amor ei!*

Como se ve, poucas cousas se poden contar sobre a vida destes persoeiros medievais.



# ADIVIÑAS

EUCURICO NON TEN OLLOS  
 CV NIN BICO,  
 E OS FILLOS DE EUCURICO  
 TEÑEN OLLOS CV E BICO.


(010 0)

SON UNHA COUSIÑA  
 QUE ANDA O COM PAS  
 COAS PATAS POR PIANTE  
 E OS OLLOS POR DETRAS

DE N DE SANTIAGO A CORUÑA,  
 SEN MOVERSE ALO CHEGOU,  
 SE CHOVEU, MOLLOUSE ABONDO.  
 SENON, ENXOITO QUEDOU



(02100)

(AS TESOURAS)



ALTO PEPIÑO

REDONDO BOLETE  
 QUE CHOVA, QUE NEVE  
 NUNCA SE DERRETE



(705 0)

E.I. 3, 4, 5 ANOS

## ESTEBAN E A GALIÑA

HABIA UNHA VEZ UN NENO QUE SE CHAMABA ESTEBAN.

UN DIA ESTEBAN DIXOLLE A SUA NAI:

—MAMA QUERO UN BOCADILLO DE MEMBRILLO!

CANDO EMPEZO A COMER O BOCADILLO TOPOU UNHA GALIÑA, DA SORTE QUE FALABE QUE LLE DIXO:

—PIDEME TRES DESEOS!

COMO ESTEBAN ERA MOI LAMBÓN PIDELLE TÓDALAS

CHUCHERIAS DO MUNDO

TANTO COMEU E TANTO COMEU QUE

SE PUSO MOI GORDO, GORDO, GORDO...

ENTÓN DIXOLLE O NENO Á GALIÑA:

—QUERO QUE ME DEIXES COMO ESTABA ANTES

COMO A GALIÑA ESTABA ENFADADA CON ESTEBAN CONVIRTEUNO EN CHICLE



AUTORES: ABRAHAM, JESUS, VERÓNICA, CRISTIAN, REBECA, PABLO, JONY MIGUEL, SANTI, JULIÁN, NAYARA, ABRAHAM


EDUCACIÓN INFANTIL

# NOTICIAS ECOLÓXICAS


NAS PEDRAS DA ROBA APARECEU UN DELFÍN.  
UN HOME DA ROBA LEVOLUO PARA UDRA.



A ESCOLA DE CABALO TEN ÁRBORES  
FORON PLANTADOS POLO CONCELLO  
DE BUEU



UN TIBURON CHEGOU VIVO A PRAIA DA  
BANDA DO NÓ EN BUEU. COLLETOU NO  
- BARCO DE PESCA



CABALO  
5 ANOS



# LENDAS

## O NOME DE BUEU

Conta unha lenda que unha das moitas invasións que sufriu a nosa costa polos romanos, mouros, piratas, a xente fuxía a refuxiarse nos montes para non seren apreixados, mortos ou levados a outras terras como escravos.

Un dos nativos, logo de varios días de saqueo e destrución da vila, e non podendo aturalo máis, pensou en organizar-la resistencia. Percorreu os montes para xuntar ós seus veciños espallados e cando estiveron todos reunidos en asemblea díxolles:

- "Os invasores están a roubar as nosas arcas, a destruí-las nosas colleitas, a beber o noso viño, a emporcar, a derrubar as nosas casas...¡Non podemos deixar máis tal cousa!. Temos que xuntarnos e atacalos esta noite... ¿Quen está de acordo e ven comigo?"

Os veciños, empuxados por aquelas palabras e pola rabia que medraba nos seus peitos diante da destrución de todo canto era o seu, berraron con forza: ¡VOU EU ¡, ¡VOU EU ¡.

O berro foi medrando e extendéndose entre eles ata que todos avanzaron cara adiante e esa noite caíron sobre esa vila derrotando e expulsando ós invasores.

Silvia Martínez Canosa. 5º A.

## OS CORVOS

Dician os vellos que cando andaban cinco ou máis corvos xuntos anunciaban morte no pobo. Pois catro eran os curas e o outro o sacristán.

## O MEDO

Nos tempos de antes, os vellos dician que se lle tiñas medo ós tronos, saías fóra da casa, facías un círculo e metíaste dentro del. Así xa che pasaba o medo.

Estefanía. 5º A.

## A PRAIA DE ANCORADOURO

Hai moitos anos, cando aínda non existían os coches, un barco dun home moi rico atravesou a nosa costa e afundiú porque rozou contra unha gran rocha que había no mar. As áncoras de ouro que tiña o barco foron ó fondo do mar daquela praia, e dise que alí aínda seguen aquelas áncoras.

Por iso a praia de Áncoradouro chámase así, polo barco que se afundiú coas áncoras de ouro.

Silvia Martínez Canosa. 5º



## OS MOUROS

Hai moitos, moitísimos anos, nun lugar chamado a Illa de Ons, vivían uns homes chamados "Mouros". Tiñan moitas riquezas e pasadizos subterráneos por debaixo do mar e unían o castelo da Illa co castelo da Lanzada. Non se sabía se nestes castelos houbo moita xente, pero si se sabe que tiveron que abandonalos polas súas guerras.

Cando marcharon tiveron que deixar as súas riquezas na Illa e para escondelos fixeron uns buracos e puxéronlle enriba da terra unha semente con tres flores, unha de cada color. Dixeron que quen as atopara atoparía o tesouro daqueles homes, chamados "Mouros".

Sandra López Ferradás. 5º A.




## O BURACO DOS MOUROS ILLA DE ONS

Pasaron centos de anos. Por aqueles tempos achegáronse a Ons uns navíos. Neles viñan unhas xentes moi extranas, eran os mouros. Pénsase que eles foron os primeiros poboadores.

Desembarcaron e foron cara un lugar alto da illa, desde onde controlaban todo. Aquel sitio hoxe chámase “O Castillo”. Pola ladeira abaixo está á praia do “Canexol”.

Fixeron unhas casiñas para vivir e algunhas, como a casa de Xoaquín, están reformadas. Tamén fixeron uns hórreos de 8 e 10 pés, enormes. Pero o máis interesante é que cando miraban vir outros navíos cara eles agachábanse nun sitio, que aínda hoxe existe, e que nadie os atopaba. Saían cando todo o perigo desaparecía. Ese sitio chámase “O buraco dos Mouros”.



É un buraco cavado na terra, moi profundo. Mide 8 metros de fondura. Ten unhas escaleiras de terra e abaixo hai un túnel moi longo e estreitiño, con curvas e varios ramais. Nun deses ramais hai como unha sala grande onde existe un pozo de auga. Nas paredes hai dez literas. Nese lugar vivían cando había mal tempo ou cando se acercaba algún perigo á illa.

Máis adiante, por un corredor, atópanse outras escaleiras para baixar aínda máis. Dise que a xente que baixou mirar iso con velas ou linternas, ó chegar abaixo apáganselle e teñen que arrecuar porque quedan sen osíxeno.

Cóntase que alí hai moitos tesouros dos mouros que acarrexaban dos barcos que pasaban por Ons e se fundían. Tamén din que hai serpes moi venenosas protexendo os tesouros

Outro ramal longo atravesa a illae vai dar ó outro lado, ó mar. Era unha saída de emerxencia por se algún pirata daba con eles.

Gloria González. 5º A.



## A PEDRA DO CABALO

Contan os veciños de Beluso que, ó dividir a súa parroquia da de Bueu, existía un punto conflictivo para establecer os correspondentes lindes: a pedra do Cabalo. Sendo este o problema, aqueles propuxéronlle ós de Bueu que amarraran á referida pedra unha cadea, eles farián atánda a un fío de la, e tirar todos á vez. Se nestas condicións era posible arrastrala hacia Bueu quedarían os seus veciños coa súa propiedade, en caso contrario permanecería na parroquia de Beluso.

Aceptado o reto, non foron aqueles quen de movelo e por tal motivo dise que o Cabalo mira para Bueu ríndose dos que non foron capaces de arrastralo.

**Estefanía . 5º A.**



## ANDURIÑA OU LAVANDEIRA

No tempo da labranza, cando se ía sementar e aparecían as pastoriñas, díciase que era bo sinal porque viñan anunciar boa colleita.

## O CRUCEIRO DE MOROUSOS

Contan os vellos que en tempos da guerra, no Cruceiro de Morousos, cando se pasaba de noite, podíanse escoitar os berros dos homes que alí mataran.

Nesa data viña un mozo doutra aldea para Beluso e ó chegar ó Cruceiro quixo seguir e non puido. Nunca máis pasou de noite polo Cruceiro de Morousos.

**Estefanía . 5º A.**

## A SANTA COMPAÑA. "ILLA DE ONS"

Tódolos días, pola noite, sae a Santa Compañía iluminada por unha luz vermella. Os primeiros en descubrilos son os mariñeiros que se atopan traballando e permanecen mudos mentres observan o lento e silencioso camiñar dos mortos.

Conta a lenda que antes de desaparecer no cemiterio deixan un ataúde nalgunha porta, e alí onde o depositan xurdirá a morte.

A Santa Compañía vai vixia-la noite. Pola luz xa se coñece. A luz é vermella, como o lume. Ela ven moi alta, enriba de todo o mundo. Esa lumieira é a Santa Compañía. Dá un alumeado que se mira como se fose de día. Despois desta luz ven outra máis pequena e baixa como unha luz branca e despois ven todo o acompañamento de xente de tódalas clases: pequenos, grandes, meniños e, incluso, cans... Van caladiños e moitos levan cadaleitos. Detrás deles segue outra luz branca. A Santa Compañía deixa o cadaleito onde vai morrer alguén.

Esta lenda foi sentida e observada pola comunidade da Illa de Ons.

**María Canosa. 5º A.**




# RIDDLES




It's very soft  
 It's got eyes and ears  
 It's got two legs and two arms  
 You find it in the bed.  
 What is it?


(TEDDY BEAR)



It's yellow  
 It feels very hot  
 You can't touch it  
 You find it in  
 The sky at night.  
 What is it?



(THE MOON)



It's got an engine  
 and four wheels.  
 It hasn't got wings.  
 It can go very fast  
 but it can't fly or go  
 on water.  
 What is it?

(CAR)



Silvia, María, Estefanía, Gloria e Bárbara. 5º A.



## O HOME INVISIBLE



Un día, nunha zapatería, estaba un par de zapatos chamados Pel e Coiro. Ós pobres tratábanos mal e decidiron fuxir.

Os dous zapatos camiñaban pola rúa e ninguén os vía. Pel e Coiro, despois dun duro traxecto de pisotóns, atoparon unha mercería. Como xa era inverno e tiñan un pouco de frío, decidiron entrar a coller uns calcetíns.

Así o fixeron. Os dous calcetíns chamábanse Algodón e Lá. Os catro xa eran moi amigos. Ó chegar a noite os zapatos e os calcetíns atoparon un parque e foron a dormir.



Ó día seguinte emprenderon camiño pero esta vez foron por un xardín.

De súpeto, saíu un neno á xanela.

Sen máis, tirou uns pantalóns e dixo que eran moi feos. Os catro amigos colleron os pantalóns e xa se lles vía máis.

Como era pola mañá, tódolos nenos estaban na escola. O Pana e os seus compañeiros emprenderon a viaxe sen perigo. Polo camiño oíron unha voz que saía dunha tenda. Ó pouco saíu unha camisa e dixo:

- Non sirvo para esta tenda .

- ¿ Queres vir con nós ? - dixeron eles.

E todos foron en busca de máis prendas abandonadas.

Xa parecían un home porque se poñían en forna de home. Todos decidiron ir en busca de novos sitios . Atravesaron un bosque e viron unha luz radiante... ¡ Era o sol reflectado no mar!

Todos quedaron coa boca aberta vendo aquel mar. Pasaron por moitos sitios pero ningún era coma ese. Cando estaban paseando pola area atoparon un sombreiro só.

- ¿ Está só ? - preguntáronlle.

- ¿ Vés con nós ? - insistiron.

E emprenderon o camiño. Dalí a un rato estaban aburridos porque non encontraron a ninguén . Empezaron a pensar no ben que se está na casa e todos querían voltar . Todos agás o chapeu, o pobre non tiña casa.

Os demais pensaron e pensaron e decidiron levalo a un rastro. O chapeu alí quedou e, o pouco, comprárono. Os demais non sabían se os ían aceptar pero dirixíronse á súa casa.

A camisa quedou na entrada da tenda e os donos collérona.

Os pantalóns metéronse dentro da casa cando a porta estaba aberta e metéronse no armario do neno.

Os calcetíns non estaban novos e os donos non os puxeron na tenda pero púxoos a señora. O dono dos calcetíns estaba arrepentido pero axiña aceptou.

Todos quedaron moito mellor na casa , e non ían marchar nunca.



Noemí Ignacio Costa 6º

## O OGRRO MALVADO



Había unha vez, nun país lonxano, un barco que ía marchar ós Estados Unidos o 10 de Abril, que era un domingo. O venres tiñan todo preparado. Chegou o sábado e toda a xente estaba nerviosa porque faltaban poucas horas. Ó dar as sete da mañá no reloxo do Axuntamento toda a xente do pobo foi cara o peirao e as 600 persoas que tiñan unha plaza subiron ó barco, o resto da xente despedíase dos familiares que marchaban.

Ó cabo dunha semana xa estaban alí, nos Estados Unidos. Alí fixeron unha vida normal ata que un día chegou un ogro grandísimo que destruiu todo menos onde estaban os emigrantes. Entón eles volveron outra vez á casa pero a muller do ogro estaba alí rompendo todo. Eles pedíronlle que deixase de romper todo. Ela obedeceu e co resto da xente mataron ó ogro, pero uns días despois chegaron uns dinosaurios.

Os dinosaurios primeiro non fixeron nada. Axudaban a facer edificios, apagaban os incendios... pero un día chegou outro ogro e obrigoulles ós dinosaurios a matar á xente. Entón un home chamado Xosé inventou unha máquina capaz de mandar ós dinosaurios e ó ogro ó futuro.

Máis tarde encendeu a máquina e transportounos ó futuro. Alí había marcianos con máquinas moi avanzadas.

Ós poucos días os marcianos fixéronse amigos dos dinosaurios pero do ogro non. Un día tiraron o ogro ó mar e alí quedou porque encontrou ó outro, que non morrera. Os marcianos como os dinosaurios pedíronlle volver ó pasado. Eles mandáronos, alí estaba a súa casa, con moita comida e sen contaminación.



Adrián Pastoriza Fariña 6º

## UNHA HISTORIA DO NADAL

Eran dous horfos, neno e nena. Seu pai, gardabosques, quixo un día atravesar un lago xelado e fundiuse, morrendo nas augas. A nai, cando soubo a noticia, non resistiu a dolor e tamén morreu de pena. E os nenos quedaron sós, sen máis compañía ca un canciño.



Chegaba o Nadal e os pobres horfos sentíanse demasiado tristes para celebrar a Noiteboa. Entón o irmán, lembrando a velada do ano anterior no castelo, dixo á súa irmaciña:

- Xa sei o que vamos facer: vamos ó castelo.

E alá se encamiñaron os dous nenos acompañados do seu canciño. Andiveron moito tempo sen divisar o castelo do conde. O frío e a ventisca non lles deixaba camiñar e os nenos estaban moi fatigados. De repente un neno, pequeno e débil, uníuse a eles no camiño.



- ¿E ti, onde vas? - preguntou o irmán.

- ¿Tes moito frío? - dixo a nena reparando nos seus vestidos rotos e mollados.

- Si, teño moito frío - dixo chorando o neno forasteiro.

E animándose mutuamente uns a outros seguiron camiñando, esta vez máis á presa.

De seguido viron o castelo. Á porta había un valente guerreiro facendo a guardia coa súa espada e a súa lanza. Desde a torre, o vixía observaba todos os camiños. Os nenos asomáronse a unha ventá do castelo e a través dela puideron ver a árbore encendida do Nadal cargada de regalos e de froitas escarchadas. Os nenos estiveron mirando un bo rato cos ollos abertos de admiración e burlando a vixiancia dos soldados introducíronse no castelo por un largo corredor e chegaron á mesma sala onde se celebraba o Nadal.



Ó principio ninguén reparou a presenza daqueles nenos desfarrapados e famentos que miraban atónitos a sala encendida e o bulicio festivo dos comensais.

- ¿Que contentos nos poríamos se nos desen só un pouquiño do que vemos! -

dixo o neno forasteiro. E sorriu, pero non puido dicir nada máis porque naquel intre o conde advertiu a presenza dos nenos e gritou indignado:

- ¿De onde saíron eses xitanos? ¡Fóra de aquí!

A condessa fíxo ver ó seu esposo que estaban no Nadal e que tal vez aqueles nenos estaban famentos e tiñan moito frío.

E sen esperar resposta a condessa ordenou ós seus criados que lles deran vestidos secos.

- ¡Non! ¡Non, non lles daremos nada! - protestaron os fillos do conde - Todo é para nós.

- ¿Como? ¿Que? - gritou indignado o conde.

- ¡Gracias! - dixo o neno forasteiro ós condes - pero meus amigos é eu queremos uns xoguetes desa árbore.

O conde ordenou ós seus criados que os botaran fóra. Os nenos choraban suplicando, pero ninguén se compadeceu deles. O can esperábaos fóra. E apenas os viu saltou moi contento. Os nenos sentiron agora medo de introducirse no bosque negro e escuro. O forasteiro os tranquilizou con boas palabras e mentres falaba saliu a lúa e iluminou todas as árbores, que parecían máis fermosas e radiantes que aquela árbore do Nadal. Os nenos camiñaron contentos ata que chegaron ó lago, onde se sentaron para contemplar os reflexos da lúa sobre a superficie xelada.

- ¡Se viñese o Neno Xesús! - suspirou a irmá, atarida de frío.

O forasteiro, nese instante, levantouse e apareceu ante os seus ollos radiante e transfigurado como un anxo; e, de súpeto, o lago convertiuse nun magnífico palacio onde os criados eran anxos e os vestidos de luz e ouro.

- ¿E que acaso es ti o Neno Xesús? - preguntou a nena.

- Ti o dixeches; eu dígoche que entraredes no Reino dos Ceos a celebrar o mellor Nadal do mundo porque sodes horfos e tedes fame e frío.

**Raquel Novas Comedeiro - 6º**

## OS CATRO AVENTUREIROS

Un día catro rapaces chamados : Nicolás, Anxo, Cosme e Amaro, que eran moi aventureiros, decidiron saír en busca de aventuras.

Sairon dende o porto dos “Araos” que se encontra en Malpica. Ó soltar amarras facía un sol espléndido. Ó cabo de tres horas de navegación o tempo comezou a cambiar. O sol empezou a perder forza, o vento cada vez era máis agresivo e as nubes ameazaban chuvia.

En seguida empezou a chover e os catro irmáns baixaron ós camarotes do barco para refuxiarse.


Pasaba o tempo e o temporal non amainaba. Un dos irmáns subiu á cuberta do barco para ver onde se atopaban. Nicolás viu que chocaban contra unha rocha enorme e intentou para-lo barco.

De alí a uns minutos o barco afundiou e os catro irmáns quedaron nadando na auga. O amencer do día seguinte encontraron unha illa que non era moi grande pero tampouco era pequena, tiña moita vexetación e gran variedade de animais de tódolos tipos.

Pronto chegaron á illa e os catro deitáronse a dormir. Cando se espertaron oíron un ruído que semellaba o dun tambor. Os catro irmáns dirixíronse ata onde se escoitaba ese ruído e viron unha tribo cuns costumes moi estranos. Despois os sítrius déronse conta de que os espiaba alguén. Tres irmáns marcharon, pero Cosme quedou onde estaba e díxolle ó xefe da tribo que non querían facer mal a ninguén e se lle axudaban a facer unha barca nova porque a deles fundírase. O xefe da tribo dixo que os axudarían, pero a cambio, que eles lles axudaran a reparar unha choza que estaba desfeita polo paso do tempo. Como era de noite, os sítrius déronlle refuxio. Ó día seguinte, construíron a barca con troncos de árbore, tela e cordas. Despois arreglaron a choza e todos se fixeron amigos. Os catro irmáns subiron á barca e Amaro díxolle ó xefe dos sítrius que voltarían e os catro irmáns dirixíronse cara o porto dos “Araos” de Malpica.


Nicolás, Anxo, Cosme e Amaro xa chegaron as súas casas coa súa familia e os catro contáronlle a súa familia a historia. Un día Anxo chamou por teléfono os seus irmáns para ir de novo a illa dos sítrius e foron nun barco grande e con toda a súa familia.

Pasárono moi ben e voltaron cara o porto dos “Araos” en Malpica.





**Pablo Pastoriza Ríos 5º B**

## A PRAIA ENCANTADA



E volveron a pasar por alí.  
Recordaron aquela excitante historia que xa empezaban a esquecer.  
Sentiron que todo aquilo fora un soño, que esa praia nunca estivera encantada.

A historia fora increíble, algo digno dunha novela de terror, pero foi real, moi real.



Fernando chegara un día a esa praia, mentres estaba correndo. O chegar alí sentiu que algo ía pasar, sentiu que o destino leváralo alí, igual que levou a Carlos, que chegou uns minutos despois del. Sen decirse nada, empezaron a camiñar cara a un penedo, situado nunha beira da praia. Ó chegar, viron aquilo que nunca querían ver: unha extraña luz que saía do penedo e que se extendía por toda a praia, unha luz que facía un campo de forza arredor da praia. Era imposible entrar ou saír dela. Eles estaban dentro.

Pero o máis grave aínda estaba por chegar.

De repente, do mar saíron unhas momias, saían por tódolos lados, que se dirixían cara a eles con moi malas intencións. Escapando das momias, atoparon unha gruta que pensaron que sería a súa salvación, pero en realidade sería o seu pesadelo.

O interior da gruta estaba decorada con fotos deles dous, cousa que os acabou de confundir por completo.

De repente, paráronse. Xa non tiñan por onde pasar. Estaban atrapados nun cuarto totalmente de pedra, cun escalofriante ataúde e un póster xigante onde aparecía unha foto do pai de Fernando atando cun coitelo ó seu fillo e a Carlos. A roupa que levaban no póster, era a mesma que tiñan posta nese momento.

Fernando e Carlos estaban estremecidos. Intentaban buscar unha saída... cando, de repente, saíu do ataúde unha momia, que era o pai de Fernando, cun coitelo grandísimo na súa man dereita.

A momia comezou a perseguilos, tal como aparecía na foto, pero, Fernando non quería morrer así e plantoulle cara ó seu pai. Despois de esquivar os coitalazos do seu pai, conseguiu quitarlle a arma.

Nese momento, apareceron os dous rapaces na casa de Fernando, escoitando unha historia do pai deste.

Semellaba que nada ocorrera.

Trataron de pensar que quedarán dornidos, que fora a súa imaxinación e xusto cando empezaron a crelo, o pai de Fernando xirouse e puideron ver que levaba colgado do pantalón unha venda coma a das momias e decatáronse de que non fora un soño cando viron colgado no salón o póster que había na habitación da gruta. Fernando e Carlos aínda se preguntan hoxe que pasou nesa praia. Para eles é aínda un misterio, que nunca poderán resolver.

Jorge Patiño Pérez 6º

## O PERIGO DO MAR



Carlos, que era habilidoso, fabricou unha cana de pescar. Estaba seguro de atrapar un peixe delicioso. Asaríano, posto que podía facer lume, e terían unha soberbia comida.

Despois subiron ó bote e remaron alonxándose da illa.

- Vou botar o anzol - dixo Carlos.

Todos estaban moi ansiosos polo resultado. De súpeto, o dono da cana tirou dela e un fermoso peixe balanceouse colgado pola boca.

- ¡ Hurra! - berraron todos, pero a alegría ía durarlle moi pouco. Naquel instante viron a enorme cabeza dun monstro mariño.

- ¡ É un tabeirón! - berrou Bea. - ¡ Vén cara nós!

Carlos tivo unha idea acertada: tirar o seu fermoso peixe ás fauces do monstro.

Mentres tanto, Luis e Bea remaban con todas as súas forzas en dirección á illa. Posto que, momentos despois, o tabeirón ía tras deles. Aínda co tempo xusto, puideron chegar a terra.

- ¡ E pensar que tiven que regalarlle o peixe a ese animal antipático... ! - queixouse Carlos.

Luis, que era o máis prudente, decidiu:

- Isto ensínanos que non debemos aventurarnos lonxe da illa, amigos. Ti, Carlos, terás que pescar desde terra.

Aquel mesmo día tiveron un peixe que, unha vez asado sóupolles moi ben.

Desde entón, Carlos e os seus amigos pescan dende terra, sen ter que arriscarse lonxe da illa.



Rosalía Martínez Martínez 5º

## A FAMILIA MICHÍN



Todo comezou un día de moita calor. A familia Michín decidiu ir á praia. Lisa e Tico estaban encantados. Eran moi aventureiros e travesos e era a primeira vez que se ían á praia.

Nunca se bañaran no mar nin xogaran coa area, porque a nai sempre estaba cansada e tiña sono e o pai estaba no ximnasio coidando a súa barriga.

Pero ese día era especial. O ximnasio estaba pechado e a nai non tiña sono.

Cando comezaron a prepara-las cousas a casa dos Michín estaba alborotadísima: bañadores, toallas, cremas, bocadillos ...

Cando acabaron de preparar todo eran as once da mañá.

Chegaron á praia ás once e media.

Había moita xente: os compañeiros de clase de Lisa e Tico, os amigos dos seus pais, uns cantos forasteiros... E tamén estaban Rufino Cara Fea e o seu pai, o alcalde.

Rufino Cara Fea era un rapaz gordo, alto e moi feo que sempre lle gastaba bromas á familia de Michín.

Rufino foise nunha colchoneta para o mar. Lisa e Tico xa estaban nel. Os pais estaban falando cuns amigos que coñeceran.

Pasou algún tempo. Xa casi era a hora de comer cando a Rufino pinchóuselle a colchoneta. Eles dixeron que non foran e Rufino enfadábase cada vez máis.

Foi dicirllo ó seu pai. O alcalde foi discutir cos pais de Lisa e Tico mentres os nenos volvían para o mar.

Despois de falar cos pais os nenos, o alcalde dixo que xa estaba todo arreglado. Un neno que se chamaba Manuel dixo que fora el o que pinchara a colchoneta. Disculpouse e prometeu que non o volvería a facer.

Nébeda Piñeiro Barros 5º B

## A TARTARUGA E A SARDIÑA

Un día, unha tartaruga andaba buscando comida. Chamábase Pepa e aquel día tiña moita fame.

De súpeto, apareceu unha sardiña.

- ¡ Voute comer! -díxolle a tartaruga.

- Non, que estou enferma -avisoulle a sardiña.

- ¿ E que tes ? -preguntoulle a tartaruga.

- Un pincho que non se me quita - contestoulle a sardiña.

Rápidamente a tartaruga chamou á Cruz Vermella ,e , o cabo dun minuto, apareceron dous cabaliños de mar da Cruz Vermella.

- ¡ Veña, suba á caixa ! - dixo un deles - e fóronse para o hospital.

No hospital quitáronlle-lo ferro e estivo moitos días curándose.

Os médicos examinaron o ferro e dixeron que era un anzol, e que tivo moita sorte de que a mirara a tartaruga.

Pasaron uns poucos días e saíu a tartaruga acompañada da sardiña.

- Pepa, ¿ queres vir á miña casa ? - preguntoulle a sardiña.

- Si - respondeulle Pepa.

As dúas foron para a casa e a sardiña foi ensinándolle a Pepa á súa familia.

- Mira, este é o meu home - díxolle a sardiña.

- ¡ Bos días, señor ! - díxolle a tartaruga.



- E estes todos son os meus fillos - díxolle a sardiña.

- ¡ Cantos tes !- dixo a tartaruga impresionada.

Estiveron charlando moito tempo e a tartaruga foise para a súa casa.

- ¡ Adeus, tartaruga ! - díxolle á tartaruga.

E dende aquel día foron amigas para sempre.



Borja Martínez Vidal 6º

## OS GATIÑOS AVENTUREIROS

Érase unha vez unha familia moi rica que tiña unha gatiña preñada e a familia quería moito. A familia era moi peculiar. O pai, Dr. Tomás, era un médico de moito prestixio, el posuía tódolos adiantos da medicina na súa consulta. Tamén é director dunha gran fábrica de aceitunas sen oso que decote tiñan moita fama, e os seus produtos eran moi bos.

Recoméndovos que probedes as novas e revolucionarias aceitunas sen oso "Celulinas". A nai era sinxelamente ama de casa. A que facía a comida, lavaba, planchaba..., en fin, tódalas cousas que fan as amas de casa. Bueno, mellor rectifico, con iso de que o fai todo ela; ela facía algunhas cousiñas, non vaiades a pensar que... Todos preguntaredes, ¿como algunhas?, si porque ela tiña: escoba eléctrica, lavadora, lavavaixelas, robots, moi, moi, moi modernizados. Que por exemplo: facían as camas dos nenos, quitaban o po, ordeaban a cociña, habitación dos nenos e cousas así. Tentar falar para logo esquecerme o máis importante, o nome: chamábase dona Euxenia, e tamén se portaba moi ben cos seus fillos. Os nenos chamábanse: un Arberto, de oito anos, e outro Xaimiño de sete anos. Os dous sempre sacan moi boas notas. Os dous nenos tiñan de todo o que querían: xogos, osos de peluches, videos..., en fin, todo o que un neno pode desexar. Bueno agora que xa coñecedes a familia, imos empeza-la historia. Era un cálido vinteseite de agosto e o veterinario dixo que os gatiños nacerían o vinteno de agosto, ou sexa dous días máis tarde.

Eran as nove da noite e o pai, a nai e os seus dous fillos, Alberto e Xaimiño foron para a cama e durmiron moi ben, pola noite, pola noitiña que lles comunicara o veterinario. Pero pola noite, á unha da mañá, oíuse: ¡miau, miau, miau !

- ¡ ¡ ¡ Que lle pasa á gata!!! - dixo o pai desesperado.

- ¡ Vaiamos! - dixo a nai como para intenlalo calmar.

¡ ¡ ¡ E ... sorpresa!!!! ...

Eric Magdaleno Barreiro 6º

# DEPORTES

## CAMPIONATO DOS RECREOS

### FUTBITO NENOS


3º E 4º	5º E 6º	E.S.O.
3º - 4ºA 2-3	5ºA - 5ºB 6-4	1º - 2ºA 1-1
4ºA - 4ºB 1-1	5ºB - 6º 0-2	2ºB - 1º 3-2
4ºB - 3º 3-1	6º - 5ºA 2-2	2ºA - 2ºB 2-1
4ºA - 3º 1-2	5ºB - 5ºA 3-1	2ºA - 1º 3-2
4ºB - 4ºA 3-2	6º - 5ºB 4-2	1º - 2ºB 0-3
3º - 4ºB 1-2	5ºA - 6º 3-4	2ºB - 2ºA 0-2
LUNS E MARTES	MERCORES XOVES	VENRES

PTOS	1	2	3	4	5	6	7	8
3º	X	X						
4ºA	X	X	X					
* 4ºB	X	X	X	X				
5ºA	X	X	X					
5ºB	X	X						
* 6º	X	X	X	X	X	X	X	
1ºESO	X							
* 2ºA ESO	X	X	X	X	X	X	X	
* 2ºB ESO	X	X	X	X				

**4º B.**  
 YONATAN CHAMADOIRA MOLANES  
 DAVID IGLESIAS AGULLA  
 PABLO MARTINEZ RODRIGUEZ  
 FRANCISCO MARTINEZ SANTOS  
 MANUEL REY HERMELO  
 JOSE ROBERTO VALVERDE GONZALEZ

**6º.**  
 SAUL DAVILA SANTOS  
 CELSO GOLOBARDAS ALVITE  
 ERIC MAGDALENO BARREIRO  
 ADRIAN PASTORIZA FARINA  
 JORGE PATINO PEREZ  
 MANUEL PINON FERREIRA  
 ROBERTO RODRIGUEZ LAMOSA

**2º A.E.S.O.**  
 RICARDO ABALO AGULLA  
 DANIEL ALVAREZ ALVAREZ  
 JAIME CURRA FONTAN  
 DAMIAN DOMINGUEZ MARTINEZ  
 JAVIER DOMINGUEZ PRIETO  
 SALVADOR SERGIO DOMINGUEZ SANTOS  
 ALBERTO FERRADAS CRUJEIRAS  
 SAMUEL FERRADAS GONZALEZ  
 ALFONSO FERREIRA PASTORIZA  
 JOSE EUGENIO GARCIA VILLANUEVA  
 FRANCISCO GAYO FERRADAS  
 JOSE ANTONIO HERBELLO PINEIRO



**2º A-2º B, E.S.O.**  
 SANDRA AGRASO DIOS  
 ROSARIO BRION BELLO  
 EVA CABALLERO IGLESIAS  
 AURORA ESTEVEZ CRUZ  
 ROCIO MENDEZ MILLAN  
 ANA NOVAS CARUSA  
 Mª ELVIRA OTERO SANTOS  
 Mª DEL CARMEN PATINO OTERO

**6º.**  
 JENNIFER GONZALEZ DIOS  
 CARMEN MARTINEZ MARTINEZ  
 SILVIA MIRANDA RODRIGUEZ  
 RAQUEL NOVAS COMEDEIRO  
 GRISELDA POUSA SOAGE  
 ANA Mª POUSADA GARCIA  
 GEMMA SAMPEDRO PASTORIZA  
 CARMEN SANCHEZ CABALLERO  
 LAURA SOTELO ESTEVEZ  
 MARIA VILLAR PINEIRO



### FUTBITO NENAS

3º E 4º	5º E 6º	E.S.O.
0 3ºA/4ºB - 4ºA 2	5º - 6º 1-1	1º - 2º 1-1
6 4ºA - 3ºA/4ºB 1	6º - 5º 2-1	2º - 1º 1-0
LUNS E MARTES	MERCORES XOVES	VENRES

PTOS	1	2	3	4	5	6	7	8
3ºA/4ºB								
* 4ºA	X	X	X	X				
5º	X							
* 6º	X	X	X	X	X	X	X	
1ºESO	X							
* 2ºESO	X	X	X					

**4º A.**  
 ALBA COUSO FERREIRA  
 Mª DEL MAR CHAMADOIRA MOLANES  
 NURIA FIEL OTERO  
 KRISTINE GARCIA PALAMYSANY  
 LETICIA GONZALEZ ABAL  
 ANA ISABEL GONZALEZ DOMINGUEZ  
 CLARA Mª GONZALEZ FERNANDEZ

# PING-PONG

O equipo Infantil Masculino de ping-pong do CEIP de Beluso proclamouse en Poio, o día 8 de maio, subcampeón provincial dos Xogos Escolares deste curso 1997-98. O equipo está composto por:

- José Antonio Herbello Piñeiro
- Samuel Ferradás González
- Alfonso Ferreira Pastoriza
- José Eugenio García Villanueva.

**¡¡Noraboa ós subcampeóns!!**



# BALONMAN NENOS

CUARTO		QUINTO E SEXTO		E.S.O	
4ªA-4ªB	3-2	5ªA-5ªB	4-7	1º-2ªA	7-8
4ªB-4ªA	5-6	5ªB-6º	6-0	2ªA-2ªB	6-9
		6º-5ªA	3-4	2ªB-1º	11-7
		5ªB-5ªA	4-2	2ªA-1º	10-1
		6º-5ªB	1-12	2ªB-2ªA	11-7
		5ªA-6º	2-1	1º-2ªB	6-6
LUNS		MARTES E MERCORES		XOVES E VENRES	

PTOS	1	2	3	4	5	6	7	8
* 4ªA	X	X	X	X				
4ªB								
5ªA	X	X	X	X				
* 5ªB	X	X	X	X	X	X	X	X
6º								
1º ESO	X							
2ª ESO	X	X	X	X				
* 2ª B ESO	X	X	X	X	X	X	X	X

- |   |   |  |
|---|---|--|
| <p>4ªA.</p> <p>DANIEL COMEDEIRO ALFAYA<br/>DÓNOBAN DÍAZ GARRIDO<br/>IVÁN FANDIÑO GARCÍA<br/>JHONATTAN GONZÁLEZ MARTÍNEZ<br/>JULIO ALBERTO GRAÑA SANTOS<br/>ADRIÁN IGLESIAS AGULLA</p> | <p>5ªB.</p> <p>DAVID OTERO LÓPEZ<br/>JAVIER OTERO MATILLA<br/>YCNATAN OTERO RIAL<br/>LLOCEL MANUEL OTERO RIAL<br/>PABLO PASTORIZA RÍOS<br/>JAVIER REIRIZ PIÑEIRO<br/>MOISÉS VILARIÑO CORRALES</p> | <p>2ªB.-E.S.O.</p> <p>CRISTÓBAL NOVAS CERVIÑO<br/>DIEGO NÚÑEZ PASCUAL<br/>SANTIAGO OTERO POUSA<br/>ADRIÁN FATIÑO GARRIDO<br/>JOSÉ LUIS PALCO DOMÍNGUEZ<br/>JOSÉ PIÑEIRO GONZÁLEZ<br/>RAÚL PIÑEIRO GONZÁLEZ<br/>MANUEL PIÑEIRO PÉREZ<br/>ALEJANDRO RODRÍGUEZ RIVERO<br/>JUAN SAMPEDRO PASTORIZA</p> |
|---|---|--|

# BALONMAN NENAS


TERCERO E CUARTO	QUINTO E SEXTO	E.S.O
3ªA-B/4ªA-B	0-4	5ªB-6º
4ªA-B/3ªA-B	4-2	6º-5ªA
		5ªB-5ªA
		6º-5ªB
		5ªA-6º
		5ªA-5ªB
		5ªA 6-6º 3
LUNS	MARTES E MERCORES	XOVES E VENRES

PTOS	1	2	3	4	5	6	7	8
3ªA-B								
* 4ªA-B	X	X	X	X				
* 5ªA	X	X	X	X	X	X	X	X
6º	X	X	X	X	X			
5ªB	X	X	X	X				
* 1º ESO	X	X	X	X				
2º ESO								

- 1ºE.S.O.
- BRAYA GARCÍA RODRÍGUEZ  
REBECA GOLOBARDAS LÓPEZ  
MARÍA ROSA GÓMEZ PORTO  
LAURA PIEDRAS DAVILA  
Mª DEL CARMEN PIÑEIRO FIEL  
DELIA RODRÍGUEZ LÓPEZ  
VANESA VIDAL POUSA

- 5ªA.
- MARÍA CANOSA COSTAS  
ESTEFANÍA CORDEIRO BRIÓN  
GLORIA GONZÁLEZ MALVIDO  
ROSA Mª IGLESIAS REGUEIRA  
SANDRA LÓPEZ FERRADÁS  
BÁRBARA LÓPEZ GONZÁLEZ  
SILVIA MARTÍNEZ CANOSA

- 4ª.
- Mª DEL MAR CHAMADOIRA MOLANES  
KRISTINE GARCÍA PALAMYSANY  
ANA ISABEL GONZÁLEZ DOMÍNGUEZ  
CLARA Mª GONZÁLEZ FERNÁNDEZ  
ANA MENDUIÑA PASTORIZA  
MARGARITA REY NOVAS  
LETICIA RIAL FERRADÁS  
TARA SOAGE VIDAL




# CLASIFICACION DO CROSS-BELUSO-98

## MINIBENXAMIN MASCULINO

- COLEXIO
- 1.- Eloy Cordeiro ... Nazaret
  - 2.- Manuel Davila ... Darbo
  - 3.- Jose M. Lemos ... Beluso
  - 4.- Jeray Piñeiro ... Coiro
  - 5.- Javier Davila ... Nazaret
  - 6.- Javier Rial ... Coiro
  - 7.- David Gómez ... Beluso
  - 8.- Francisco López ... Beluso
  - 9.- Adrán Moares ... Beluso
  - 10.- Francisco Lago .. V.Milagrosa.

## MINIBENXAMIN FEMININO

- 1.- Fátima Comedeiro ... Beluso
- 2.- Noelia Rey ... Coiro
- 3.- Lorena de la Torre . V.Milagrosa
- 4.- Graciela Pérez ...
- 5.- Eva Rivas ... Beluso
- 6.- Yamira Barreiro ... "
- 7.- Aida Cruz ... "
- 8.- Sabela Miranda ...
- 9.- Raquel Collazo ... Coiro
- 10.- Alba Ferreira ... Beluso



## BENXAMIN MASCULINO

- 1.- Javier Rosales ... San Narciso
- 2.- Damián Mariño ... A Rúa
- 3.- Daniel Calvar ... Nazaret
- 4.- David Otero ... Cela
- 5.- Alexandre Sola ... San Narciso
- 6.- Roberto Pastoriza .. Ca. María
- 7.- Abraham Piñeiro ... Cela
- 8.- Rubén López ... Darbo
- 9.- Pablo López ... Sequelo
- 10.- Diego F. Castro ... San Narciso.

## BENXAMIN FEMININO

- 1.- Ana Soage ... A Rúa
- 2.- Andrea Puentes ... Sequelo
- 3.- Raquel Parada ... Nazaret
- 4.- Tania Carracelas ... Darbo
- 5.- Tara Soage ... Beluso
- 6.- Sara Currás ... Darbo
- 7.- Alexandra Rial ... Ardán
- 8.- Eva González ... Darbo
- 9.- Romina Portela ... Cela
- 10.- Neus del Castillo .. Darbo.

## ALEVIN MASCULINO

- 1.- Carlos Sancho ... San Narciso
- 2.- Manuel Nogueira ... San Narciso
- 3.- Alfonso Rodríguez ... Coiro
- 4.- Diego Figueroa ... Darbo
- 5.- Eduardo Bermúdez ... Darbo
- 6.- Marcos Martínez ... Ardán
- 7.- Rubén Ríos ... Darbo
- 8.- Luis Jalda ... Ca. María
- 9.- Adrián Pereira ... Ardán
- 10.- Germán Veras ... Domaio.

## ALEVIN FEMININO


- 1.- Laura Sueiro ... Nazaret
- 2.- Patricia Fernández . Casa da Virxe
- 3.- Rhut Nogueira ... Darbo
- 4.- Tania Villar ... Ardán
- 5.- María Pérez Rial ... Sda. Familia
- 6.- Nébeda Piñeiro ... Beluso
- 7.- Andrea García ... V. Milagrosa
- 8.- Salomé Troncoso ... Casa da Virxe
- 9.- Lorena Martínez ... San Narciso
- 10.- Silvia Martínez ... Beluso.

## INFANTIL MASCULINO

- 1.- Francisco García ... Sequelo
- 2.- Roberto Graña ... Chan do Monte
- 3.- Xaquín García ... Nazaret
- 4.- Damián Domínguez ... Beluso
- 5.- José Piñeiro ... Beluso
- 6.- Gonzalo Pouseu ... Chan do Monte
- 7.- Cristian Goberna ... Darbo
- 8.- Eligio Garrido ... Darbo
- 9.- Jaime Curra ... Beluso
- 10.- Eugenio Rivas ... Chan do Monte.

## INFANTIL FEMININO

- 1.- Eva Caballero ... Beluso
- 2.- Olaya Alfaya ... Darbo
- 3.- Evelyn Gandón ... Nazaret
- 4.- Noelia Figueroa ... Darbo
- 5.- Miriam Soage ... Darbo
- 6.- Laura Blanco ... Darbo
- 7.- Raquel Figueroa ... Darbo
- 8.- María Barreiro ... Ca. María
- 9.- Sara Carballo ... Darbo
- 10.- Adriana Piñeiro ... Darbo



## CADETE MASCULINO

- 1.- Gustavo Novas ... Coiro
- 2.- Manuel Currás ... Coiro
- 3.- Francisco J. Pazó ... Ca. María
- 4.- Rafael Martínez ... Chan do Monte
- 5.- Jesús Molanes ... Chan do Monte
- 6.- José Luis Nerga ... Sda. Familia
- 7.- Ricardo Abalo ... Beluso
- 8.- Javier Rivas ... Chan do Monte
- 9.- José Guimarás ... Darbo
- 10.- Yonathan Goberna ... Darbo.

## CADETE FEMININO

- 1.- Cristina Otero ...
- 2.- Lucia Piedras ... IESP Bueu
- 3.- Miriam Currás ... Coiro
- 4.- Marta Fernández ... Coiro
- 5.- María Casaleiro ... IESP Bueu
- 6.- Leticia Pérez ... San Narcis
- 7.- Estefanía Calvo ... San Narcis
- 8.- Estefanía Regueira .
- 9.- Ana Calvar ... San Narcis
- 10.- Noelia Ruibal ... IESP Bueu.

## XUVENIL MASCULINO

- 1.- Víctor Figueroa
- 2.- David Saa
- 3.- Carlos Iglesias
- 4.- Iván Pastoriza
- 5.- Francisco J. Martínez
- 6.- David Santomé
- 7.- José M. Lemos
- 8.- José M. Soage
- 9.- Ellery Gandón

## XUVENIL FEMININO

- 1.- Marina Caballero
- 2.- María José Rodal
- 3.- María Bibiana

## CLASIFICACION POR COLEXIOS:

- 1.- San Roque.- Darbo
- 2.- San Narciso
- 3.- Castrillón. Coiro
- 4.- Nazaret
- 5.- Beluso
- 6.- Chan do Monte
- 7.- Sequelo
- 8.- Ca. María
- 9.- A Rúa
- 10.- Ardán
- 11.- IESP Bueu
- 12.- Cela
- 13.- Casa da Virxe
- 14.- Sagrada Familia
- 15.- Virxe Milagrosa
- 16.- Domaio
- 17.- Cabanas.- Salcedo
- 18.- Tirán
- 19.- Pondal
- 20.- Montecarrasço
- 21.- IESP Rodeira
- 22.- IESP "Salvador Moreno".- Marín
- 23.- Abelendo
- 24.- A Guía

## SENIOR MASCULINO

- 1.- César Rodríguez
- 2.- Juan José Rumbao
- 3.- Adolfo Castro
- 4.- José Manuel Juncal
- 5.- Pablo Ríos
- 6.- Víctor M. Blanco
- 7.- Roberto Buceta

## VETERANO FEMININO

- 1.- Adoración Márquez

## VETERANO MASCULINO

- 1.- Manuel Otero
- 2.- Salvador Torres
- 3.- José Ramón Fernández

## CARROZA MASCULINO

- 1.- José Motal
- 2.- Paco Davila



